

Seis cidades galegas –Compostela, A Coruña, Vigo, Pontevedra, Lugo e Ferrol– acollerán hoxe a lectura do Manifesto que preparou a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) con motivo do 173 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro. Escritores como Isidro Novo, Manuel Rivas, Xavier Seoane, Antía Otero, Marilar Aleixandre, Agustín Fernández Paz, Marta Dacosta, Xosé María Álvarez Cáccamo, M<sup>a</sup> do Carme Krukenberg ou Luís Rei Núñez participan nesta lectura que incide sobre os “días escuros” que rodean o futuro do galego e a necesidade de crear o instituto para a promoción da Cultura galega que levaría o nome da escritora compostelá. Todos os actos agás o de Compostela –17,30– e Vigo –19,00– terán lugar ás seis da tarde

## Manifesto no día de Rosalía

ASOCIACIÓN  
DE ESCRITORES  
EN LINGUA GALEGA

**“O tempo pasou rápido;  
a centela / tal vez máis  
lentamente...”**

Hoxe, 24 de febreiro de 2010, cumprense 173 anos do nacemento da escritora galega Rosalía de Castro. No próximo 15 de xullo, terémola presente na nosa memoria após 125 da súa morte. Nela e con ela lembramos non só unha personalidade altísima das nosas letras, senón a muller que alargou até o infinito o campo da literatura e da cultura galegas e, con el, as aspiracións a un outro papel histórico para a súa lingua e a súa patria, Galiza.

\*\*\*

Nestes días para nós escuros, Rosalía, lembrámoste unha e outra vez. Os nosos ollos percorren infatigábeis os teus versos, de onte a hoxe, e a memoria rescata da súa entraña retallos de poemas que palpan nas nosas veas e percorren o noso corpo todo. E preguntámonos se este frío imposible que se instala na nosa pel é o mesmo frío que ti sentiches ante os que teñen fama de honrados na vila, aqueles que, amparados hoxe no mandato estatutario que lles foi outorgado para promoveren a cultura galega e a defenderen fronte ás agresións, utilizan contra todo o que ti significas, minusvalorando a heranza túa e todo o que de noso achan ao seu paso aqueles que non entenden non todo o que somos e o que significamos.

**“Cantarte hei, Galicia, / na  
lingua gallega, / consolo dos  
males, /alivio das penas.”**

Hoxe continuamos a te refrendar Rosalía de Castro como a poeta fundadora da literatura galega contemporánea, pois o teu pensamento intelectual traspasa uns versos conscientes de lle estar a dar forma a unha materia patriótica senlleira a través da publicación daquel que foi o teu primeiro monumento literario da modernidade en 1863 e, asemade, voz colectiva da nación: *Cantares gallegos*, onde a paisaxe, os costumes, o clima e o pobo son unha realidade para lle dar luz desde a dignificación. E o compromiso co teu pobo esixíache a utilización da lingua de seu.



Monumento a Rosalía de Castro na Alameda de Compostela

**“Mollo na propia sangue a  
dura pruma...”**

Na Habana, en 1880, o teu segundo poemario, *Follas Novas*, despois de impedimentos e censuras varias, ollá a luz e supón a túa consagración definitiva da máis galega e, ao tempo, a máis universal dos nosos escritores, pois canda o excelso ritmo poético da túa obra fica certificada a validade do galego para o tratamento estético-literario de todos os temas, sen as limitacións que, onte como hoxe, se lle querían impoñer á lingua galega, orquestadamente limitada e minusvalorada para os redutos máis íntimos e persoais, invisibilizada no escenario da cultura e do progreso, do recoñecemento público. E entón o teu eu xeneroso de escritora comprometida debrúzase e asume ser a voz da solidariedade

maíuscula cos marxinaados, cos asombalados, coas mulleres do pobo, vítimas dobres dos danos infrinxidos á Galiza, á procura de ser novamente dona da súa propia liña do tempo.

Os que hoxe nos negan, como a ti te negaron ao longo de tanto tempo, son da estirpe dos que te alcumaron de chorona, mixiriqueira e trastornada por sombras de incerteza, dos que ocultaron o xenio do teu verso construíndoche unha imaxe distorsionada para afastarnos da exactitude das túas palabras, co único obxectivo de impediren que o teu verbo incidiese a nosa vontade e a luz dos teus versos abrise ventás de claridade no noso coñecemento. Deformábase para ocultarte, mentían, como nos seguen a mentir hoxe para destruíren a nosa cerna e esborrallaren a espiral de conciencia que ti ini-

ciaches un día, con ese atrevemento histórico que foi un verdadeiro contrato de xustiza co pobo de noso co futuro.

**“Daquelas que cantan as  
pombas e as frores...”**

Mais a nosa lembranza de hoxe trae canda nós a reivindicación da túa personalidade consciente, a de ser a primeira feminista da nación galega: pola túa rebeldía ao non aceptares normas masculinas exteriores e superiores á súa propia conciencia e á súa libre vontade; porque te intentaches con toda naturalidade no repertorio temático que se reputaba privativo dos homes; porque amosaches a túa solidariedade profunda coa vida e as circunstancias discriminadas das mulleres en xeral e das galegas e traballadoras en particular.

\*\*\*

É por iso que este Nós plural e colectivo que hoxe nos autoconvoca na túa orgullosa lembranza, demanda decláranos mulleres e homes fillos da túa estirpe e coa forza do teu legado imprescindíbel diremos unha e outra vez, unha e outra vez, unha e tantas veces como sexa necesario, coa mesma lingua coa que ti renegaches dunha emigración que nos destruíra, coa mesma lingua coa que reclamaches respecto para os nosos traballadores, coa mesma lingua coa que denunciaches as inxustizas para coas mulleres, esa lingua que ti ergueches da terra para converteres en material precioso digno do mellor ourive; con esa mesma lingua nós ergueremos a bandeira do noso orgullo de galegas e galegos para seguir pregoando o noso amor, ese amor que nos une a ti por riba do tempo e do espazo, máis alá da existencia material e tanxíbel, o amor por este idioma noso, que en ti volveu nacer e polo que nós tamén daremos a nosa alma.

O teu nome revive día a día nas túas lecturas, o teu ser nunca acabado de descifrar cébase paseniñamente de cadeas censoras artificiais, a túa identidade galega consciente albiscase grazas ao pulo de investigadores propios e foráneos, os teus poemas apréndennos unha historia ferida, mancada pola inxustiza e o empoderamento do forte contra o débil.

Soubeches ser quen eras e defendécheo co orgullo dunha voz pública propia e sen medo a non ser entendida ou a seres negada. Como valor humano galego universal que simboliza a nosa identidade de galegos e galegas, demandamos do goberno da Xunta de Galiza que á maior brevidade cree o Instituto Rosalía de Castro para que a nosa cultura sexa posta en valor dentro e fóra da Galiza, procurando dámonos a nós mesmos e ao mundo a imaxe real dun pobo cunha cultura milenaria e unha lingua orgullosas ao seu, cun lugar na historia dos pobos que construíron a Europa. Demandamos, finalmente, que esta institución sexa creada para levar a túa merecida internacionalización definitiva e a da cultura galega nun mundo aberto que a ti, Rosalía, non che resultaría nada alleo. ●